

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 29 DE AGOSTO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA**

- Proxecto de Lei de racionalización do sector público autonómico.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de treitos antigos da estrada AC-564 Cabanas (AP-9) - As Pontes de García Rodríguez (AG-64) a prol do Concello da Capela.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA**

- Acordo polo que se designa a Televisión de Galicia, S.A. como futura Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Arteixo para o traslado da pasarela peonil afectada polas obras de acondicionamento da conexión das estradas AC-552. AC-551 e DP-0509 por un importe total de cento vinte e cinco mil euros (125.000 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por un importe total de trescentos oitenta e nove mil oitenta e nove euros con corenta e catro céntimos (389.089,44 euros).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda II ao acordo-marco de coordinación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para a coordinación de actuacións de aforro e eficiencia enerxética e de implantación de enerxías renovables, por importe de cento vinte e tres mil cento trinta e catro euros con vinte e oito céntimos (123.134,28 euros).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda terceira ao Convenio de colaboración asinado o 18 de outubro de 2010 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA para a obtención do título de graduado en educación secundaria, por un importe de trescentos dez mil cento trinta e tres euros con sesenta e nove céntimos (310.133,69 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para dotar de auxiliares de conversa a centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2013-14, por un importe total de dous millóns cento cincuenta mil catrocentos euros (2.150.400,00 euros).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da subministración sucesiva de medicamentos vía parenteral e inhalada, por un importe total de doce millóns seiscentos vinte e cinco mil cento setenta e seis euros con nove céntimos (12.625.176,09 euros) e un valor estimado (importe total sen IVE) de trinta e un millóns cincocentos sesenta e dous mil novecentos corenta euros con vinte céntimos (31.562.940,20 euros).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e os concellos de Arzúa e Santiso para a reconstrución dunha ponte sobre o río Boente na estrada de Arzúa a Santiso, por un importe total de douscentos sesenta e oito mil oitocentos noventa euros con sesenta e seis céntimos (268.890,66 euros).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o Servizo de Atención ao Cidadán 012

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Informe sobre a evolución dos incendios forestais en Galicia. Ano 2013. Xaneiro-agosto.

## **A XUNTA APROBA A LEI DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO QUE CULMINA AS SÚAS PRINCIPAIS LIÑAS DE TRABALLO NOS ÚLTIMOS ANOS**

- *O Goberno galego blinda por lei aspectos relativos ao control administrativo, transparencia, redución de cargas administrativas ou contratación centralizada*
- *Completa o círculo das reformas iniciadas pola Lofaxga e oficializa a avaliación periódica da estrutura da Administración xeral e instrumental*
- *A nova lei favorece o acceso á contratación das pemes e fomenta o uso de medios telemáticos nas relacións da cidadanía co sector público*

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde á Lei de racionalización da Administración autonómica, coa que culmina as súas principais liñas de traballo nos últimos anos e marca una serie de pautas para o futuro. Con esta nova norma, o Goberno galego blinda por lei aspectos relativos ao control da Administración, a transparencia, a redución de cargas administrativas ou a centralización da contratación, entre outros asuntos.

A Xunta completa o círculo da reformas iniciadas nos plans de racionalización Administrativa e na Lofaxga e, por primeira vez en Galicia, blinda por lei a necesidade de avaliar periodicamente a estrutura da Administración xeral e instrumental. Ademais, o texto tamén establece que a creación de novos entes quedará suxeita a un informe previo que xustifique a súa creación e garanta que non existen duplicidades.

A norma regula tamén a colaboración dentro do sector público e continúa a liña que viña desenvolvendo a Xunta de asumir con medios propios servizos anteriormente externalizados e grandes proxectos do goberno. Deste xeito, agora quedan fixados os mecanismos de cooperación e autoprovisión. A través da existencia dun catálogo de servizos, a Administración aproveitará ao máximo os medios propios, garantindo un uso racional, eficiente e coordinado destes.

### **Redución de cargas a cidadáns e empresas**

Ademais, a nova lei tamén avanza o traballo iniciado tempo atrás na redución das cargas administrativas que soportan os cidadáns e as empresas nas súas relacións coas administracións públicas. Eliminaranse trabas ás empresas competidoras en procesos de contratación pública, de forma que só o licitador finalmente seleccionado terá a obriga final de achegar toda a documentación orixinal, mentres que durante o proceso chega con copias simples. Ademais, para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato abundará con que os licitadores presenten un compromiso de adscrición do persoal e os medios materiais que se lle exixan.

Segundo establece a nova regulación autonómica, a consellería en materia de avaliación e reforma administrativa será agora a competente, por lei, para intervenir na redución de

cargas e na habilitación de procedementos. Tamén queda blindada por lei a existencia na internet dunha Guía de procedementos e servizos.

### **Contratación centralizada**

Outra das principais novidades do texto legislativo que se aprobou no Consello esta mañá é a relativa á contratación centralizada, que se configura como o instrumento idóneo para garantir o control de gasto e unha maior eficiencia do uso dos fondos públicos.

Con estes obxectivos, o texto establece a creación dunha Comisión Interdepartamental para determinar os servizos, subministracións ou obras que son susceptibles de ser contratados de xeito homoxéneo. Así, serán susceptibles de incluírse nesta modalidade de contratación a prestación de servizos de mantemento, limpeza, seguridade, servizos postais, mensaxaría, telecomunicacións, fotocopiadoras, combustible e enerxía eléctrica e gas.

### **Modernización administrativa**

Doutra banda, dentro do proceso de modernización administrativa no que está inmerso da Xunta, esta lei dá un paso máis e fomenta a implantación progresiva do uso de medios telemáticos nas relacións da cidadanía co sector público. Ademais, establécese un prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da lei para que todos os procesos posibiliten a utilización de medios de comunicación electrónicos.

Na mesma liña, para asegurar a concorrência nos procesos de contratación pública, a nova lei garante o acceso universal a través de medios electrónicos de todos os potenciais licitadores a toda a documentación contractual. Os pregos, o resto da información e as respostas a petición de aclaracións estarán na plataforma de contratos, para que todos os potenciais licitadores teñan un acceso á documentación igualitario e sen custos de acceso.

Tamén se garante o fraccionamento en lotes dos grandes contratos, a busca de varios licitadores no acordos marco e a posibilidade de subcontratación nos contratos de gran volume, co obxectivo de favorecer o acceso á contratación das pemes.

### **Simplificación normativa**

Recentemente o Goberno galego aprobou un Plan de simplificación legislativa, que ten por obxectivo reducir nun 25 por cento o número de leis en vigor e clarificar o mapa legislativo da nosa comunidade. Por iso, nesta lei unifícanse todos os preceptos legais autonómicos en materia de contratación pública e establécese a obriga de aprobar unhas directrices de técnica normativa que proporcionen pautas para a elaboración de textos máis sinxelos, homoxéneos e comprensibles.

Nese sentido, e como consecuencia do establecido no Plan de simplificación legislativa, a lei pide a autorización do Parlamento para permitir á Xunta a elaboración de cinco textos refundidos que integrarán normativa agora dispersa en ata doce textos legais diferentes en materias como pesca, igualdade, portos, política industrial ou tributos.

### **Maior transparencia**

Por último, esta lei incide nun aspecto que desde o inicio da pasada lexislatura foi prioritario para o Goberno galego: a transparencia. Co novo texto normativo blíndase por lei a publicación no DOG das declaracións patrimoniais dos membros da Xunta no momento do seu nomeamento e do seu cesamento; algo que ata o de agora se facía por iniciativa propia, sen que existise unha norma que recollese a súa obrigatoriedade.

A transparencia é o principio que tamén rexerá a contratación pública, xa que a lei establece a redución á metade da marxe para adxudicación directa deste tipo de contratos: por riba de 9.000 euros nos contratos de servizos e subministracións e de 25.000 euros nos de obras será obrigatorio solicitar tres ofertas distintas a empresas non vinculadas entre si.

## **A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE OITO TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA ENTRE CABANAS E AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AC-564) A PROL DO CONCELLO DA CAPELA**

- ***A solicitude do cambio abarca unha lonxitude total de máis de 1,5 quilómetros***
- ***A entrega completárase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de oito treitos antigos da estrada AC-564 Cabanas (AP-9) – As Pontes de García Rodríguez (AG-64) a prol do Concello da Capela.



Os treitos transferidos abarcan unha lonxitude total de máis de 1,5 quilómetros e sitúasense nos seguintes puntos quilométricos:

1. PQ: 7 + 970 ao PQ: 8 + 260 Marxe esquerda.
2. PQ: 11 + 481 ao PQ: 11 + 671 Marxe dereita.
3. PQ: 13 + 200 ao PQ: 13 + 369 Marxe dereita.
4. PQ: 13 + 625 ao PQ: 13 + 867 Marxe esquerda.
5. PQ: 14 + 206 ao PQ: 14 + 772 Marxe esquerda.
6. PQ: 15 + 541 ao PQ: 15 + 719 Marxe esquerda.
7. PQ: 15 + 932 ao PQ: 16 + 030 Marxe esquerda.
8. PQ: 16 + 100 ao PQ: 16 + 240 Marxe esquerda.

O expediente tramitouse ao abeiro da vixente Lei de estradas, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.

En aplicación da Lei de estradas de Galicia, as entidades locais, no marco das súas competencias e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), e o Concello da Capela converterase no responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra.



Comunicación da Xunta de Galicia  
 San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
 Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
 Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE  
 DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
 "Unha maneira de facer Europa"  
 FONDO SOCIAL EUROPEO  
 "O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA



**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O ACORDO DE DESIGNACIÓN DA TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. COMO FUTURA CORPORACIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.**

- ***Comeza así o proceso de reestruturación societaria da Compañía Radio-Televisión de Galicia asumido polo Goberno galego, con base nos criterios de eficiencia administrativa e fiscal***
- ***A través das perceptivas autorizacións, Televisión de Galicia, S.A. absorberá Radiotelevisión Galici, S.A., o que suporá, ao final do proceso, a disolución do ente público existente ata o de agora***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a acordo polo que se designa a *Televisión de Galicia S.A.* como futura *Corporación de Radio e Televisión de Galicia S.A.*, unha decisión que obedece ao compromiso de reestruturación societaria da *Compañía Radio-Televisión de Galicia* asumido polo Goberno galego e que responde a criterios de eficiencia administrativa e fiscal ao tempo, que dá cumprimento ao establecido na Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Deste xeito, a *Televisión de Galicia, S.A.* pasará a denominarse *Corporación de Radio e Televisión de Galicia S.A.*, co obxecto de que despois se proceda ás operacións de reestruturación societaria en virtude das cales *Televisión de Galicia, S.A.* absorberá *Radiotelevisión Galicia S.A.*, o que suporá na práctica, conforme vaia avanzando o proceso, a disolución do ente público existente ata o de agora, *Compañía Radio-Televisión de Galicia* (que integra as sociedades públicas *Radiotelevisión Galicia, S.A.* e *Televisión de Galicia, S.A.*).

Con esta decisión, o Goberno galego, ademais de dar cumprimento ao compromiso de mellora da eficiencia administrativa e fiscal do ente público, adáptao á Lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, de carácter estatal, que establece un novo marco regulatorio do sector da comunicación audiovisual; e á Lei 9/2011, de 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, que prevé a unificación das tres entidades [*Compañía Radio-Televisión de Galicia*, integrada por *Radiotelevisión Galicia, S.A.* e *Televisión de Galicia, S.A.*] nunha única sociedade pública que se denominará *Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG)*, garantindo unha xestión máis eficiente da entidade prestadora do servizo público audiovisual en Galicia.

A sociedade resultante da fusión de entidades, que se denominará *Corporación de Radio e Televisión de Galicia S.A.* asumirá os activos e os pasivos necesarios para a prestación do servizo público, que serán obxecto de determinación, logo do acordo de Consello da Xunta.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ARTEIXO PARA TRASLADAR A PASARELA PEONIL DA ROTONDA DE SABÓN**

- *Por tratarse dunha pasarela singular e de colocación recente, o Concello de Arteixo está interesado en conservala, para o que se fai necesario o seu traslado a uns 500 o 600 metros cara á AG-55*
- *A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, financiará o custo ata un máximo de 125.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), e o Concello de Arteixo co fin de trasladar a pasarela peonil da rotonda de Sabón, posto que a situación actual de dita infraestrutura está afectada polas obras que se están a acometer nesta zona.

A Xunta de Galicia está a realizar as obras de reordenación da rotonda de Sabón, que consisten na execución dunha glorieta a nivel superior á cal estarán conectadas as estradas AC-551, DP-0509 e AC-552 do lado de Vilarrodís mediante ramais de acceso, e no desdoblamento da AC-551, que pasará a ter dous carrís por sentido.

A pasarela do *Agro* é singular e de colocación recente (ano 2006), polo que o Concello de Arteixo está interesado en conservala, para o cal sería necesario o seu traslado uns 500 ou 600 metros cara á AG-55.


En consecuencia, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, subvencionará o traslado desta pasarela cunha cantidade fixa de 125.000, ao abeiro da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Obrigas das partes**

Do importe, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, financiará o custo ata un máximo dos citados 125.000 euros, mentres que o Concello de Arteixo será o encargado de levar a cabo o traslado e montaxe da pasarela na nova situación.



\*Plano de planta xeral onde se identifica a situación actual da pasarela e onde quedará despois do seu traslado.



**AUGAS DE GALICIA DESTINARÁ PRETO DE 390.000 EUROS, PROCEDENTES DA EXPLOTACIÓN DA PRESA DO UMIA, AOS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS LOCAIS**

- *Esta cantidade distribuirase a partes iguais entre os citados municipios e deberase destinar a accións de carácter educativo, cultural ou social para executar neste ano 2013*
- *O convenio é anual e xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta, Augas de Galicia, Deputación de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña para o financiamento de obras e actuacións pola concesión da presa de Caldas de Reis.

Este convenio establece as bases que rexerán a cooperación técnica e económica entre as citadas Administracións respecto das cantidades do canon devindicado pola explotación do aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis, que se destina a estes concellos para o financiamento de obras ou accións de carácter educativo, cultural e social.

O convenio é anual e xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais.

Augas de Galicia destinará preto de 390.000 euros para o financiamento das actuacións citadas, que se leven a cabo durante este ano 2013 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña. A repartición desta cantidade executarase a partes iguais entre os citados municipios, resultando a cada concello un total de 129.696,48 euros.

Cómpre lembrar que o 13 de novembro de 2002 se asinou un primeiro convenio co fin de establecer as bases que rexerían a colaboración entre as ditas Administracións en relación coa concesión para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis, no que atinxe ao destino do canon devindicado pola devandita explotación. Dende entón Augas de Galicia subvenciona anualmente actividades de carácter educativo, cultural ou social nestes tres concellos e é a Deputación de Pontevedra a encargada da xestión destes fondos.

## **A XUNTA IMPULSA MEDIDAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA RESIDENCIA DE OLEIROS QUE PERMITIRÁN AFORROS DE ATA UN 20%**

- ***As consellerías de Economía e Industria e Traballo e Benestar colaboran para facer un uso máis eficaz da enerxía no centro, incorporando fontes menos contaminantes e fomentando o aproveitamento dos recursos***
- ***A actuación, encadrada dentro do Plan de aforro e eficiencia enerxética na Administración pública galega, prevé a substitución das caldeiras modernizando os sistemas de regulación e a sala de máquinas na zona da residencia***
- ***Trabállase tamén no cambio de iluminación, tanto exterior como interior, instalando lámpadas máis eficientes e cunha menor contaminación lumínica***

A Xunta de Galicia ten no aforro e na eficiencia un dos piares fundamentais da súa política enerxética, motivo polo que desenvolve o Plan de aforro e eficiencia enerxética da Administración pública galega, que posibilita a obtención de importantes aforros para as arcas autonómicas que repercuten en beneficio de todos os cidadáns. Neste contexto, o Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova addenda ao convenio asinado no seu día entre as consellerías de Economía e Industria e Traballo e Benestar, e que está a permitir a adopción de diferentes medidas na residencia de maiores de Oleiros encamiñadas á obtención de aforros económicos e enerxéticos próximos ao 20%.

Neste sentido, estanse a levar a cabo distintas accións no centro, incorporando fontes menos contaminantes e fomentando o aproveitamento dos recursos. Así, trabállase na substitución das caldeiras modernizando os sistemas de regulación e a sala de máquinas na zona da residencia, ao tempo que se instalarán fiestras máis eficientes.

Ademais, acométese o cambio de iluminación, tanto exterior como interior, instalando lámpadas máis eficientes e cunha menor contaminación lumínica, ao tempo que dota o complexo de detectores de presenza. O cambio de propano a gas natural das máquinas de lavandaría e cociña, ou a instalación de variadores de frecuencia nos sistema de bombeo son outras das medidas en que se traballa para mellorar a eficiencia do centro.

Para o desenvolvemento destas actuacións, o Inega achega preto de 155.000 euros, ao tempo que está a prestar asesoramento técnico e xurídico á Consellería de Traballo e Benestar durante a execución do convenio. Así mesmo, as accións son desenvolvidas por empresas de servizos enerxéticos (ESE), co fin de dinamizar o mercado deste tipo de empresas.

Deste xeito, a Xunta de Galicia reitera a súa aposta por unha política enerxética baseada no aforro e na eficiencia como piares básicos, e que se centra no impulso da redución do alto consumo enerxético, coa utilización de recursos renovables, e no favorecemento do uso racional da enerxía.

## **CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ECCA PARA FACILITAR Á CIDADANÍA GALEGA O ACCESO Á FORMACIÓN AO LONGO DA VIDA**

- ***A Consellería asinará unha nova addenda ao convenio para a formación de adultos para a obtención do graduado en ESO***
- ***A metodoloxía usada, con emisións radiofónicas de clases, axuda a achegar a educación ás persoas que, por diversas circunstancias, non poden asistir ás clases de forma habitual***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura da addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación ECCA na formación de persoas adultas para a obtención do título de graduado en educación secundaria. Este acordo supón dar continuidade a unha colaboración que se vén desenvolvendo desde o ano 2005, e que favorece a formación das persoas ao longo da vida co fin de que poidan acadar mellores oportunidades no mundo laboral.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Educación destina nove profesores á atención do alumnado – o que suporá unha achega de máis de 310.000 euros-, que se apoia na metodoloxía propia da Fundación ECCA para a obtención do devandito título, básico no sistema educativo actual. Cómpre salientar que esta metodoloxía -baseada nas emisións radiofónicas- resulta especialmente útil para aquelas persoas que viven en zonas xeograficamente illadas ou traballan en horarios que lles impiden a asistencia habitual ás clases nun centro ordinario de educación de adultos.

A Fundación ECCA, que ten como obxectivo fundamental a promoción cultural e a elevación da formación humana das persoas, vén inscribindo máis de medio millar de persoas adultas de Galicia nas actividades de preparación para as probas de graduado en secundaria.

De feito, no curso que acaba de rematar inscribiu 600 persoas adultas de Galicia nas actividades de preparación para as probas de graduado en secundaria, que se apoiaron na metodoloxía e no material didáctico deseñado por ECCA, tanto escrito como audiovisual, para esa preparación. Ademais, puxéronse á disposición destas alumnas e alumnos clases radiofónicas e presenciais establecidas

### **Materiais e docencia**

Ao abeiro desta addenda a Fundación ECCA porá á disposición do alumnado o material didáctico necesario para o seguimento da súa metodoloxía, concretamente libros e os seus correspondentes CD, e fotocopias das orientacións nas cales se recollen exercicios semanais por materias. Ademais, ECCA comprométese a emitir as correspondentes clases, unha hora diaria de luns a venres entre outubro e maio, e unha hora diaria de

luns a venres entre xullo e agosto para clases de repaso. Os estudantes poderán escoitalas desde a canle 96.5 FM,- con cobertura en todas as Rías Baixas-, ou ben acceder aos CD que a Fundación deberá repartir a quen non teña cobertura para estas emisións.

Pola súa banda, a consellería destinará nove profesores para atender este alumnado, orientalo, e gravar as clases que se emiten por radio. Ademais, estes docentes elaborarán os materiais escritos específicos que utilizan as persoas adultas que seguen estas ensinanzas.

### **Formación ao longo da vida**

A colaboración con esta fundación ten como obxectivo impulsar a formación das persoas ao longo da vida, valéndose da capacidade dos medios de comunicación social – neste caso a radio- para chegar a todas as persoas, independentemente da súa situación xeográfica.

Así, a consellería dá resposta a un maior número de persoas adultas que precisan da devandita titulación, básica no sistema educativo actual. Por outra banda, o acordo supón ampliar a oferta educativa para as persoas adultas a través dunha modalidade de formación semipresencial que incorpora a radio como vehículo de transmisión de saberes e coñecementos.

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DOTARÁ OS CENTROS EDUCATIVOS GALEGOS DE 435 AUXILIARES DE CONVERSA O VINDEIRO CURSO**

- ***Galicia volverá ser unha das comunidades autónomas con máis auxiliares, multiplicando xa por 6,5 os que había ao inicio da lexislatura***

O sistema educativo galego contará o vindeiro curso 2013/14 cun total de 435 auxiliares de conversa - 24 máis ca no curso 2012/13 -, persoas de apoio ao ensino e á aprendizaxe das linguas estranxeiras que exercen o seu labor na rede de colexios e institutos galegos públicos pertencentes á rede de centros plurilingües e de seccións bilingües, e na rede de escolas oficiais de idiomas. Deste xeito, Galicia volverá ser unha das comunidades autónomas con máis auxiliares, multiplicando xa por 6,5 os que había ao inicio da lexislatura.

Para iso, o Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun acordo entre a Consellería e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, polo que se asignan auxiliares de conversa a centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal se investirán máis de 2,1 millóns de euros. Os auxiliares que desenvolvan a súa tarefa de apoio á aprendizaxe de idiomas farano en inglés, francés, alemán, chinés e portugués.

O obxectivo é que os auxiliares contribúan á mellora das competencias lingüísticas noutros idiomas das galegas e galegos, especialmente na expresión oral, no marco do Plan de potenciación das linguas estranxeiras, que chegará o próximo curso a unhas 70.000 persoas, a través do 183 centros plurilingües e 2.736 seccións bilingües que está previsto que funcionen no sistema educativo. Neste sentido, cómpre lembrar que todos estes colexios e institutos públicos da rede de centros plurilingües son dotados pola consellería cun auxiliar, e que as seccións bilingües poden contar con este apoio, de forma individual ou compartida con outro centro.



## **SANIDADE DESTINA 12,6 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA CENTRALIZADA DE MEDICAMENTOS POR VÍA PARENTERAL E INHALADA**

- *A duración do contrato é de dous anos, prorrogable por outros dous*
- *O Sergas aforrará 2,8 millóns de euros nestes 24 meses*
- *O contrato é para 27 medicamentos para todos os hospitais galegos*

O Consello da Xunta presidido por Alberto Núñez Feijóo autorizou a compra centralizada, polo Servizo Galego de Saúde, de medicamentos por vía parenteral e inhalada, por un importe total de 12.625.176 euros.

O expediente tramítase mediante o procedemento aberto e acordo marco cun único adxudicatario por lote, co obxecto de poder atender a demanda dos citados medicamentos en todos os hospitais galegos, podendo concorrer todas as empresas farmacéuticas que dispoñan dos medicamentos que saen a licitación.

A duración do contrato é de dous anos para un total de 27 medicamentos, e o aforro estimado polo Sergas para toda a duración do contrato, 24 meses, cífrase en 2,8 millóns de euros (1,4 anuais).

Con este contrato, o Sergas continúa a aplicar medidas de xestión eficiente, acadando aforros que, sen afectar á calidade das prestacións, permita garantir a solvencia do sistema.

## **MEDIO RURAL E MAR E OS CONCELLOS DE ARZÚA E SANTISO COLABORARÁN NA RECONSTRUCCIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO BOENTE**

- ***A Xunta autorizou a sinatura do correspondente convenio para levar a cabo as obras de reparación desta infraestrutura, que suporá un investimento total de 268.890,66 euros***

A Xunta asinará un convenio de colaboración cos concellos coruñeses de Arzúa e Santiso para a reconstrución da ponte sobre o río Boente, que sufriu danos como consecuencia das choivas que afectaron estes municipios neste 2013. Este convenio suporá un investimento total de 268.890,66 euros, dos que os concellos asinantes achegan 78.889,41 euros respectivamente, e a Consellería do Medio Rural e do Mar 111.111,84 euros, e faise cargo da execución da obra. O investimento levarase a cabo entre os anos 2013 e 2014.

A reconstrución da ponte Boente supón a mellora da infraestrutura viaria, o que permitirá superar un problema que vén afectando os veciños, obrigados a dar un rodeo de entre 15-20 km.

A constatación por parte da Consellería do Medio Rural e do Mar da existencia dos danos na ponte que serve de enlace entre os núcleos de poboación de Arzúa e Santiso, así como o obxectivo desta consellería de promover o desenvolvemento socioeconómico do territorio, a mellora da calidade de vida no rural xustifican este investimento, dotando a estes concellos das infraestruturas viarias axeitadas.

## **MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE CHAMADAS EN DOUS ANOS CONSOLIDAN AO 012 COMO REFERENCIA TELEFÓNICA DE ATENCIÓN AO CIDADÁN**

- ***Case un 67 por cento das chamadas recibidas teñen a súa orixe en cuestións relacionadas coa área de Medio Rural***
- ***O 012 centraliza a xestión de varios teléfonos de información que operaban de xeito independente, o que supón unha medida máis de racionalización e eficiencia na xestión do gasto do Goberno galego***
- ***Desde que se puxo en marcha produciuse un aforro de máis de tres millóns de euros para as arcas públicas galegas***

O Teléfono de Atención e Información ao Cidadán da Xunta de Galicia, 012, atendeu 1.264.609 chamadas desde que se puxo en marcha, en xuño de 2011. Así o revela un informe presentado esta mañá no Consello da Xunta, de onde se deduce que en apenas dous anos de funcionamento este teléfono se ten consolidado como referencia telefónica da Xunta para a atención do cidadán.

Do total das chamadas xestionadas, case un 67 por cento teñen a súa orixe en cuestións relacionadas coa área de Medio Rural, das que as comunicacións de queimas ocupan un 40 por cento e as xestións da Oficina Agraria Virtual, un 26 por cento. Nunha menor porcentaxe, atópanse as chamadas información xeral, as do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065) e as de Dependencia.

### **Varios teléfonos en un**

Co obxectivo de centralizar toda a información da Xunta de Galicia aos cidadáns, en xuño do ano 2011, a Vicepresidencia da Xunta puxo en marcha o número de teléfono 012, que aunaba a xestión de varios teléfonos de información que operaban de xeito independente.

Así, o 012 convertíase nunha porta de entrada para o cidadán, a través da cal puidese recibir a información e orientación que máis lle interesase. A introdución dun sistema automatizado de atención telefónica permite mellorar os niveles de atención e prestar un mellor servizo ao cidadán, ao permitir a interacción telefónica co sistema as 24 horas do día os 365 días do ano.

Os teléfonos que se integraron no 012 foron os destinados á información en materia de vivenda (902.100.054); o de información ás mulleres (900.400.273); o teléfono Quérote (902.141.617); o teléfono Xove (902.152.535); o do Voluntariado (900.400.800); o teléfono de atención aos usuarios do Servizo de Emprego de Galicia (902.125.000 e 902.262.902, para demandantes e empregadores, respectivamente); o teléfono social (900.333.666); e o teléfono 065.

Tamén se incluíu neste servizo centralizado o novo servizo correspondente á área de dependencia da Consellería de Traballo e Benestar -que abarca toda a información xeral en materia de dependencia, a información do trámite administrativo no que se atopan os expedientes iniciados e a xestión de citas de valoración do grao de dependencia- e o teléfono do Agro Galego (902.112.000), que foi o pioneiro.

### **Máis de 3 millóns de aforro**

A unificación destes servizos telefónicos constituíu unha medida máis de racionalización e eficiencia na xestión do gasto dentro das tomadas polo actual goberno da Xunta de Galicia. Concretamente, a centralización do 012 representa ten producido en aforro de máis de tres millóns de euros nestes dous anos; ademais de supor unha mellora da xestión dunha información fiable, concreta e inmediata, que é o obxectivo primordial deste servizo.

### **Un teléfono máis sinxelo e multicanle**

A integración de teléfonos no número unitario 012 ofrece unha serie de vantaxes para o usuario como son a sinxeleza do número, doado de recordar e marcar; a coherencia na información ou a oferta dun servizo integral, posto que o mesmo operador pode responder calquera consulta realizada polo cidadán, independentemente da súa tipoloxía.

Ademais, o 012 ofrece varias canles de comunicación, tanto para a demanda de información como para a súa recepción, porque xunto ás convencionais chamadas telefónicas tamén se pode empregar o correo electrónico e as mensaxes SMS. Mediante estes tres sistemas, o usuario poderá recibir tamén solicitudes, formularios, folletos, trípticos e incluso avisos e alertas.

## **GALICIA REXISTROU ATA 85 LUMES DIARIOS EN AGOSTO QUE FORON EXTINGUIDOS MAIORITARIAMENTE NO MESMO DÍA**

O Consello da Xunta analizou hoxe na súa primeira reunión, tras o descanso estival, o informe da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre a evolución dos incendios forestais en Galicia no que levamos de ano. O mes de agosto foi relevante debido á situación climatolóxica, onde se rexistraron ata 85 lumes diarios que foron extinguidos maioritariamente no mesmo día.

Respecto do total anual, os incendios acaecidos no mes de agosto supuxeron o 48,6% do total anual de lumes, con 167 incendios e 709 conatos (incendios de menos de 1 hectárea de superficie). Nos últimos 7 días producíronse un total de 491 lumes, o que representa unha media diaria de 70,1.

A eficacia do dispositivo de loita contra incendios queda patente no tempo de reacción, onde nos días que houbo máis incendios -ata 85 por día- o tempo medio de resposta foi de 16 minutos, conseguindo apagar no mesmo día o 96,4% dos mesmos.

En canto á distribución horaria dos lumes agrúpanse fundamentalmente entre o mediodía e a tarde (entre as 13h e 18h prodúcese o 38,9% dos lumes), baixando a intensidade na tardiña ata volver a incrementarse arredor do ocaso (entre as 21 e as 24 horas prodúcese o 19,8% dos lumes), cando se retiran os medios aéreos.

No informe presentado esta mañá tamén se analizaron os principais condicionantes e circunstancias dos lumes de agosto. Destaca, pois, a presenza de vento intenso, chegando a provocar que os lumes avanzaran máis dun quilómetro por hora, con saltos de lume a distancias considerables o que provocaba focos secundarios de forma constante.

Estas circunstancias, e o elevado número de focos que presentaban os incendios, fixo que a Consellería do Medio Rural e do Mar tivera que decretar o Nivel 1 en 11 incendios como medida preventiva, debido á proximidade do lume aos núcleos de poboación.